



Memoria económica e de transparencia do Convenio entre a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural e a Asociación Centro de Instrucción y Recreo de Benquerencia para a concesión dunha subvención directa ao proxecto senlleiro para a adecuación exterior do recinto do edificio veciñal O Canteiro, dentro da categoría de "promoción e posta en valor da vida social, cultural e educativa da comarca".

Expediente: CNV25-19

PRIMEIRO.- Antecedentes e obxectivos

Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (en adiante, Axencia) creouse pola disposición adicional sexta da Lei 5/2000, do 28 de decembro, de medidas fiscais e de réxime orzamentario e administrativo (DOG núm. 251, do 29 de decembro).

A dita lei de creación está modificada, entre outras, pola Lei 11/2021, do 14 de maio, de recuperación da terra agraria de Galicia (DOG núm. 94, do 21 de maio), en cuxo artigo 6 configúrase a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural como unha axencia pública autonómica, de conformidade coa Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, coa consideración de medio propio e servizo técnico da Comunidade Autónoma de Galicia, que actúa como instrumento básico na promoción e coordinación do desenvolvemento do territorio rural galego, co obxectivo de mellorar as condicións de vida dos seus habitantes e de evitar o seu despoboamento a través, entre outras, das medidas de recuperación da terra agroforestal de Galicia reguladas na citada Lei 11/2021.

Está adscrita á Consellería do Medio Rural, ten personalidade xurídica e patrimonio propios, goza de autonomía administrativa e económica e posúe plena capacidade de obrar, tanto no campo do dereito público como no do dereito privado, para o cumprimento dos seus fins e con suxeición á normativa correspondente.

A Axencia quere promover e poñer en valor no ámbito rural galego o patrimonio histórico, a recuperación da terra agraria, a vida social, cultural e educativa, a contorna natural e os produtos agroalimentarios, xa que as actuacións sobre os ditos ámbitos contribúen a mellorar a calidade de vida e a cohesionar a vida social e a estimular o arraigamento da poboación no medio rural, de xeito que fagan deste un lugar máis atractivo, ao ser as ditas actuacións interesantes dende o punto de vista do fortalecemento do orgullo rural, da diversificación económica, da potenciación do interese polo territorio e, polo tanto, do desenvolvemento xeral do territorio.

De conformidade co disposto nesta normativa, compete a Axencia, entre outras funcións:

AXENCIA GALEGA DE DESENVOLVEMENTO RURAL
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL
Lugar da Barcia 56, Laraño
15897 Santiago de Compostela
T. + 34 981 547 354
infoagader@xunta.gal
agader.xunta.gal





-Elaborar estratexias e plans integrados de valorización do medio rural, que coordinen actuacións de diversa natureza e contén coa participación dos axentes socioeconómicos públicos e privados.

- Artellar proxectos de desenvolvemento rural con carácter piloto e innovador, dirixidos ao reforzamento da base produtiva das áreas rurais, á valorización dos seus recursos e á mellora da calidade de vida dos seus habitantes.

- Promover e favorecer a cooperación entre os axentes públicos e privados cuxas actuacións incidan directa ou indirectamente no desenvolvemento das zonas rurais

- Contribuír ao reforzamento del tecido social e á mellora da capacidade organizativa das áreas rurais.

- Aplicar outras medidas e actuacións que teñan por obxecto, en particular, a dinamización do tecido produtivo e á fixación de poboación nas áreas rurais.

No marco das súas competencias e dentro das súas accións estratéxicas, ven apoiando, mediante axudas directas a través de convenios, baixo a denominación de "proxectos senlleiros", diversas actuacións por entender que concorren nelas as características de especial relevancia para o desenvolvemento rural que as fan merecedoras de apoio económico.

Coa finalidade de prever, con carácter xeral, os requisitos para a concesión deste tipo de axudas, o 20 de abril de 2022 o Consello de Dirección da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural aprobou o Acordo polo que se fixan as regras de tramitación das axudas, mediante concesión directa a través de convenio, do Programa de Proxectos

Senlleiros

(https://agader.xunta.gal/sites/w_pagade/files/documentacion/acordos/2022_04_28_acordo_proxectosenslleiros.pdf), modificado por acordo do 7 de novembro de 2022 do

Consello de Dirección da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural polo que se modifica a regra 4ª "Entidades beneficiarias dos proxectos senlleiros" onde se engade como entidade beneficiaria dos proxectos senlleiros as Comunidades de montes veciñais en man común (punto 4.2 do Acordo)

(https://agader.xunta.gal/sites/w_pagade/files/documentacion/acordos/2022_11_7_certificadosenlleiros.pdf). A regras deste Acordo conceptúan como proxectos senlleiros as

actuacións sobre elementos e realidades merecedores dun recoñecemento especial, pola súa capacidade para contribuír á conservación de dúas finalidades esenciais: Mellorar a calidade de vida da poboación e promover a fixación desta nas áreas rurais.

Ademais, o citado Acordo do 20 de abril de 2022 (modificado polo Acordo de 7 de novembro de 2022) sinala como posibles entidades beneficiarias das axudas para os proxectos senlleiros as seguintes entidades públicas ou privadas sen ánimo de lucro que realicen actividades en beneficio da poboación do rural galego:

- Entidades de participación cidadá: asociacións, confederacións, federacións ou unións de asociacións que se atopen inscritas no Rexistro de Asociacións da Comunidade Autónoma de Galicia.





SEGUNDO.- Xustificación do interese público e social, singularidade e excepcionalidade e da non concorrencia pública da actuación proposta .

Nos termos previstos no artigo 19.4 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, poderán concederse de forma directa, con carácter excepcional, as subvencións nas que se acrediten razóns de interese público, social, económico ou humanitario, ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria.

A Axencia e a Asociación Centro de instrucción y recreo de Benquerencia son conscientes da necesidade de favorecer a contorna rural, a preservación do patrimonio que alberga e a promoción do seu potencial turístico e económico, de xeito que se mellore tanto a calidade de vida da poboación, mediante unha adecuación oferta no ámbito do ocio, o deporte, a cultura, e/ou sectores produtivos e se preste unha completa gama de servizos básicos que melloren as condicións de socialización e interrelación das parroquias rurais de Galicia dende a premisa principal de garantir a existencia das infraestruturas básicas para elo e mellorar a estrutura do territorio para fixar a poboación do rural galego.

- Interese público e social: O 30 de xuño de 2025 a Asociación Centro de instrucción y recreo de Benquerencia presentou unha solicitude de colaboración, xunto cunha memoria técnica valorada, para o financiamento dun proxecto senlleiro dentro da categoría "promoción e posta en valor vida social, cultural e educativa da comarca".

As razóns que xustifican o interese social e público que dificultan a promoción da concorrencia pública e a seguinte: atopámonos ante unha edificación singular dos anos 60 de estilo indiano que se atopa perfectamente delimitado con un muro perimetral que fai as funcións de banco, acollendo unha parcela que no seu interior está dotada de pista de baile, palco e unha pequena edificación que alberga os baños que son usadas polos veciños.

Actualmente funciona como local sociocultural da asociación de veciños de San Pedro de Benquerencia, despois da súa restauración nos anos 90 grazas á implicación veciñal. Por parte da asociación viñéronse facendo obras de rehabilitación, mantemento e adecuación durante os últimos anos, sobre a edificación principal e o palco exterior situado no recinto da parcela, pero sen embargo os elementos pista de baile e palco atópanse deteriorados (pintura, desconchados e incluso gretas estruturais) necesitando un arranxo urxente dos mesmos. Así mesmo e de forma acaroada ó muro perimetral (na zona de entrada) sitúanse uns baños que dan servizo ó edificio xa que non hai no interior de moi pequenas dimensións, os que tamén se pretenden arranxar, adecuándoos ademais á norma de accesibilidade galega.

Estas actuacións son precisas para poder seguir mantendo estas instalacións de uso veciñal destinadas ao fin público e social para o que foron creadas.

- Singularidade e excepcionalidade: A edificación obxecto de actuación caracterízase polo seu estilo colonial creado a expensas do "Centro de Benquerencia Sociedade de Instrucción e Recreo", institución creada en 1906 na Habana, sendo a primeira sociedade de instrucción creada por emigrantes mariñáns.





A escola comezou a construírse en 1906 e púxose en funcionamento en 1907, acollendo tamén as dependencias do sindicato agrario da parroquia.

O edificio, de estilo ecléctico, consta de dúas plantas e concede un gran protagonismo á fachada principal resaltada por unha gran escalinata, uns pináculos de bóla e a arquivolta decorativa de arco cego. Sobre a porta principal sitúase unha estrela de cinco puntas e unha placa coa seguinte inscrición: "CENTRO DE BENQUERENCIA INSTRUCCIÓN E RECREO ANO – 1906.

Polo tanto, atopámonos ante unha edificación singular dentro da comarca na que se atopa que a asociación veciñal quere seguir mantendo en óptimas condicións para o seu uso e disfrute.

De acordo co artigo 26 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, non é posible promover a concorrència pública para a realización desta actuación é dada a necesidade de atender áreas específicas como a promoción e posta en valor da vida social, cultural e educativa da comarca. Neste caso o proxecto presentado pola asociación ten como finalidade a modernización da almazara e a creación dun espazo divulgativo sobre o aceite e as oliveiras en Arnoia. Mediante a adquisición de nova maquinaria e a adecuación das instalacións, buscarase mellorar a capacidade de extracción, garantindo un servizo eficiente para os produtores locais.

Polo tanto, debido ao carácter puntual ou ocasional deste tipo de apoio e á vista das características concretas das actuacións previstas, non parece adecuado articular estas axudas a través dunha convocatoria pública, sendo a subvención directa a través de convenio a fórmula que máis se adapta á natureza destas axudas.

Polo tanto, a subvención directa decídese en base a criterios obxectivos que foron fixados mediante o Acordo do Consello de Dirección de Agader do 20 de abril de 2022 polo que se fixan as regras de tramitación das axudas, mediante concesión directa a través de convenio, do Programa de Proxectos Senlleiros en canto as posibles entidades beneficiarias das axudas. O citado Acordo do 20 de abril de 2022 (modificado polo Acordo de 7 de novembro de 2022) sinala como posibles entidades beneficiarias das axudas para os proxectos senlleiros as seguintes entidades públicas ou privadas sen ánimo de lucro que realicen actividades en beneficio da poboación do rural galego: Entidades de participación cidadá: asociacións, confederacións, federacións ou unións de asociacións que se atopen inscritas no Rexistro de Asociacións da Comunidade Autónoma de Galicia

En concreto, na regra 3.-Categorías de proxectos senlleiros, sinala que os proxectos financiados a través do programa deberán pertencer a algunha das categorías que se sinalan. O proxecto que nos propón a comunidade encádrase na seguinte categoría e características:

C) Promoción e posta en valor da vida social, cultural e educativa da comarca.

Os proxectos senlleiros deste tipo deben reunir algunha das seguintes características:





- a. Realizar a rehabilitación, reconstrución ou recuperación de edificacións, infraestruturas ou centros públicos singulares, por teren un marcado significado social, cultural ou educativo para a comarca na que se sitúan, co fin de destinalos a un uso público compatible cos seus elementos e características.
- b. (...)
- c. Realizar obras de mellora, reforma e reparación de infraestruturas e instalacións, así como o seu equipamento, destinadas a satisfacer as necesidades da veciñanza.

TERCEIRO.- Financiación

A Axencia Galega de Desenvolvemento Rural e a Asociación Centro de instrucción y recreo de Benquerencia queren levar a cabo un convenio para a concesión dunha subvención directa para o proxecto arriba referenciado por un período de vixencia que abrangue dende a data da súa sinatura ata o 15.11.2025 sen prexuízo de que as actividades subvencionadas sexan as executadas a partires de 01 de xaneiro de 2025.

- PROXECTO : "Adecuación exterior do recinto do edificio veciñal O Canteiro" dentro da dentro da categoría de promoción e posta en valor vida social, cultural e educativa da comarca.
- ORZAMENTO: vinte e tres mil cento setenta e sete euros con cincuenta e cinco céntimos (23.177,55 €) que serán asumidos polas partes na porcentaxe e importe que se indica a continuación:

– Axencia Galega de Desenvolvemento Rural	80%	18.542,04 €
– Asociación Centro de instrucción y recreo de Benquerencia	20%	2.941,86 €
TOTAL	100%	23.177,55 €

- Aplicación orzamentaria 15.A1.712A.781.0 -Código proxecto 2017 00003 dos orzamentos da Axencia para o ano 2025 "Actuacións senlleiras de mellora do patrimonio rural".
- Plan Estratéxico de Galicia:

Integración no Plan Estratéxico de Galicia 2022-2030		
Proxecto 2017 00003		
Eixo	E3	Competitividade e crecemento
Prioridade de actuación	PA05	Aproveitar as potencialidades de Galicia cara un sector primario moderno e competitivo.
Obxectivo estratéxico:	E06	Contribuír o desenvolvemento económico e social en zonas rurais e costeiras. Mellorar as





		condicións de vida no territorio rural galego, especialmente a través dunha mellora das infraestruturas, mellora no acceso aos servizos básicos e creación de emprego.
Obxectivo operativo	OI01	Actuacións de soporte e apoio (gasto de funcionamento)

Comprobado no sistema XUMCO, actualmente non existe indicador asociado a este proxecto.

Aplicación orzamentaria 15.A1.712A.781.0 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2025, código de proxecto 2017-00003.-"Actuacións senlleiras de mellora do patrimonio rural".		TOTAL
Importe	2025	18.542,04 €
	18.542,04 €	

De conformidade co previsto na Lei 9/2007, de subvencións de Galicia o prazo de execución e xustificación rematará o 15.11.2025 sen prexuízo de que as actividades subvencionadas sexan as executadas a partires do 01 de xaneiro de 2025.

Orzamento xeral

Capítulo	Resumen	Importe
1	Demolicións e obras previas	1.768,00 €
2	Albanería	4.860,00 €
3	Acabados e pinturas	7.425,00 €
4	Carpintería exterior	2.369,00 €
5	Instalación, fontanería e saneamento	530,00 €
6	Instalación electricidade	787,00 €
7	Seguridade e saúde	528,75 €
8	Xestión de residuos	287,25 €
9	Documentos técnicos	600,00 €
Total execución material		19.155,00 €
21% I.V.E.		4.022,55 €
Total orzamento con IVE		23.177,55 €

Nos termos previstos no artigo 26 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, as subvencións previstas canalizaranse a través de convenios subscritos, neste suposto, coas comunidades de montes veciñais en man común, en canto entidades beneficiarias das axudas previstas.





Na tramitación administrativa deste expediente incorporaranse os seguintes informes:

- Informe da Asesoría Xurídica da Consellería do Medio Rural.
- Informe da Intervención Delegada da Consellería do Medio Rural.

Por todo o exposto, estímase xustificada a utilización do instrumento do convenio para articular as actuacións de referencia, quedando o devandito convenio fora do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE y 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, con independencia de que, de acordo co previsto no artigo 4 da devandita norma, lle sexan de aplicación os principios desta Lei para resolver as dúbidas e lagoas que puidesen presentarse.

Para a tramitación deste convenio, tense observado o cumprimento dos requisitos establecidos na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

O órgano competente para o acordo de convenios, por importe inferior a 900.000 euros que deba concertar a Agader para o axeitado exercicio das súas funcións, é o Consello de Dirección da Agader, que ten delegada a dita competencia na persoa titular da Dirección Xeral da Agader en virtude do apartado Primeiro, II, 7 do acordo do Consello de Dirección da Agader do 11 de xullo de 2013, publicado mediante a Resolución do 24 de xullo de 2013 (DOG nº 148, do 5.8.2013).

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica.

O Consello de Dirección
P.D. (Acordo do 11.07.2013)
A directora xeral
M^a Paz Rodríguez Rivera

